

Luns, 15 de maio de 2017

Núm. 92

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SALCEDA DE CASELAS

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA FISCAL Nº 6 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE MERCADO.

En sesión plenaria ordinaria celebrada o 17 de febreiro de 2017, Pleno do Concello de Salceda de Caselas aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal nº 6 reguladora da Taxa pola prestación do servizo de mercado municipal do Concello de Salceda de Caselas.

De conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), someteuse o expediente a información pública por prazo de trinta días hábiles, mediante a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia nº 44 do 3 de marzo de 2016, e máis no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, para o seu exame e presentación de reclamacións e alegacións.

Ao non terse presentado ningún tipo de reclamación ou alegación a Ordenanza enténdese definitivamente aprobada, publicándose para o seu xeral coñecemento o texto íntegro da mesma; entrando en vigor unha vez publicado enteiramente o seu texto no BOP e así que transcorra o prazo de 15 días hábiles ao que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

De conformidade co establecido nos artigos 10, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, e 107.3 da Lei 30/92, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, contra o presente acordo, os interesados únicamente poderán interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo ante a Sá correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados a partires do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Salceda de Caselas.—O Alcalde.

(Asinado electrónicamente á marxe)

Código seguro de verificación: G7K057WSNP10N4FV



Luns, 15 de maio de 2017

Núm. 92

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE MERCADO MUNICIPAL

PREÁMBULO

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución española e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Salceda de Caselas establece a taxa pola prestación do servizo de mercado municipal, dacendo co artigo 20.1 b) do citado Real Decreto Lexislativo, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal e cuxas normas atenden o previsto no artigo 57 do mesmo texto legal.

ARTIGO 1. FEITO IMPOÑIBLE

O feito impoñible deste tributo ven determinado pola prestación do servizo de mercado municipal.

ARTIGO 2. SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos desta taxa en concepto de contribuíntes as persoas físicas e xurídicas, as herencias xacentes, comunidades de bens e demais entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria que disfruten, ou utilicen en beneficio particular, os servizos e/ou instalación do Mercado municipal e que sexan titulares das licenzas de ocupación de postos e locais no mercado municipal.

ARTIGO 3. BASE IMPOÑIBLE

A determinación da contía a pagar realizarase mediante o sistema de cota fixa, determinándose en función da superficie ocupada, conforme ao establecido no artigo seguinte.

ARTIGO 4. COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria verá determinada pola aplicación das seguintes tarifas:

POSTOS	TARIFA TRIMESTRAL
1	37,85
2	43,45
3	119,61
5	58,42
6	58,52
7	58,75
9	38,07
10	78,64

Código seguro de verificación: G7K057WSNP10N4FV



Luns, 15 de maio de 2017

Núm. 92

POSTOS	TARIFA TRIMESTRAL
11	36,65
12	57,09
13	56,43
14	56,22
15	115,97
17	42,36
18	37,59

BANCADAS	TARIFA TRIMESTRAL
1	58,48
2	58,48
3	58,25
4	58,29
5	58,13
6	58,13
7	58,37
8	58,48
9	58,40
10	58,48
11	58,37
12	58,33
13	58,37
14	58,33
15	58,40
16	59,07
17	58,21
18	58,21
19	58,68
20	58,75
21	57,90
22	58,17
23	58,37

ARTIGO 5. PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO

1.—Producirase o devengo da taxa e nacera a obriga de contribuir desde a data en que se inicie a prestación do servizo ou se utilicen os bens ou instalación do mercado municipal a partir do outorgamente da licenza de ocupación do posto e ata a terminación do prazo figurado no mesmo.



Luns, 15 de maio de 2017

Núm. 92

2.—O periodo impositivo da taxa coincidirá co trimestre natural e a el referiranse as cotas tributarias, salvo cando se inicie ou cese na prestación do servizo de mercado, en cuio caso o periodo impositivo axustarase a esta circunstancia.

3.—A taxa devengaráse o primeiro día do trimestre, salvo nos casos de alta ao longo do periodo impositivo, que se producirá no momento da citada alta. Cando o periodo impositivo sexa inferior ao trimestre, procederá o prorratoe do seu importe por días.

ARTIGO 6. NORMAS DE XESTIÓN

1.—As cantidades esixibles liquidáranse trimestralmente polo Concello.

2.—O Concello, unha vez iniciada a prestación do servizo, procederá a aprobar a liquidación que corresponda, na que constarán os datos precisos para a determinación do importe correspondente ao trimestre que se indique nela, emitindo a carta de pago correspondente.

3.—Procederá o rateo da cota correspondente ao trimestre de inicio en función dos días que resten ata o último do trimestre, pasándose ao cobro xunto coa liquidación seguinte. Tamén se rateará a cota trimestral nos supostos de baixa no servizo, que será efectiva dende o mesmo día en que se presente a solicitude de baixa.

ARTIGO 7. MEDIOS E MOMENTO DO PAGO EN EFECTIVO

1.—O pago da taxa en efectivo poderá facerse sempre en diñeiro de curso legal. Asimesmo, poderá realizarse tamén mediante domiciliación bancaria.

2.—Enténdese pagada en efectivo una débeda, cando se teña realizado o ingreso do seu importe nas caixas dos órganos competentes, entidades colaboradoras ou entidades que presten o servizo de Caixa.

ARTIGO 8. PAGO MEDIANTE DOMICILIACIÓN BANCARIA

1.—A domiciliación bancaria deberá axustarse aos seguintes requisitos:

- Que o obrigado ao pago sexa titular da conta na que domicile o pago e que dita conta estea aberta nunha entidade de crédito. Tamén poderá domicilairse o pago nunha conta que non sexa da titularidade do obrigado, sempre que o titular da conta autorice a domiciliación.
- Que o obrigado ao pago comunique a súa orde de domiciliación ao órgano municipal correspondente por calquera dos medios establecidos, facendo entrega ao Concello dunha autorización de cargo en conta polo presente servizo. A estes efectos o Concello establecerá, en cada momento, a data límite para a admisión de solicitudes de domiciliación e traslado, e o periodo a partir do que producirá efecto.
- Nos supostos de recibos domiciliados, non se remitirá ao enderezo do contribuínte o documetno de pago. Alternativamente, os datos da débeda incorporaranse



Luns, 15 de maio de 2017

Núm. 92

no soporte magnético que orixine o correspondente cargo bancario, debendo a entidade financeira expedir e remitri o comprobante de cargo en conta.

- Os pagos entenderánse realizados na data de cargo en conta de ditas domiciliacións, considerándose xustificante do ingreso aquel que expida a entidade de créditos onde se atope domiciliado o pago, que incorporará, como mínimo, os datos que se establezan pola Tesourería Municipal.
- Naqueles casos nos que o cargo en conta non se realice ou se realice fóra de prazo, por causa non imputable ao obrigado ao pago, non se esixirán a este recargos, xuros de mora nin sancións de ningún tipo, debendo facer efectivo o importe da cota inicialmente liquidada. Asimesmo, serán a conta do obrigado ao pago os gastos ocasionados por devolución do correspontente recibo sempre que a dita devolución sexa por causas imputables ao mesmo.

ARTIGO 9. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Non se concederán máis exencións e bonificacións que as expresamente previstas nas Leis ou as derivadas da aplicación dos Tratados Internacionais.

ARTIGO 10. INFRACCIONES E SANCIÓNNS

En materia de infraccións e sancións tributarias, estarase ao disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e nas disposicións complementarias ou dictadas en desenrollo da mesma.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Esta ordenanza deroga expresamente a ordenanza reguladora da taxa por licenza de servizo de matadoiro, lonxa e mercados, e calquera outra disposición de igual ou inferior rango que sexa contraria á mesma.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a ese mesmo día e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”

Código seguro de verificación: G7K057WSNP10N4FV

